



EDUCACIÓN INFANTIL



Xiqui Xoque. MARÍA FUMAÇA. Galaxia.

Fiuuuu! Partimos de novo! Outra vez a locomotora da alegría coas máquinas de vapor preparadas para novas risas e aventuras. María Fumaça ten o combustible necesario para atravesar vales e montañas.

O soño de Esther. MIGUEL A. ALONSO DIZ. Nova Galicia Ed.

Dentro de "O soño de Esther" late a idea de que "o coñecemento é o contrario do medo". A súa protagonista, Esther, atopa nas vocais o fogar, o entretemento, a beleza, o camiño e a seguridade no descanso.



O dragón que cambiaba de conto cada vez que esbirraba MIGUELANXO PRADO. El patito editorial.

O dragón sentiu un formigo no fociño, pechou as pálpebras, colleu aire coma se fose soprar as candeas dunha torta de aniversario e...ACHÍSSSS! Tan forte foi o seu esbirro que espeluxou a princesa, arrincou os pétalos da flor, tropezou co cabaleiro e, saíu daquel libro aberto sen dicir nin abur.



PRIMEIRO CICLO



Cuca e o abrigo marrón. FINA CASALDERREY. Rodeira.

Cuca é unha cadela de pelo negro moi crecho. Vive na rúa, libre coma o vento, pero tamén baleira de agarimos. O frío faise dono dos días e Cuca monta garda onda un aparcadoiro de coches. Cando chega algún, en canto o ruído do motor cesa, metese debaixo para aproveitar a calor e adormece.

Canto te quero, profe. CRISTINA JUSTO. Ed. Embora.

Canto te quero, profe! é un álbum que nos chega ao corazón aos docentes, posto que o afecto e a tenrura que amosa en todas as súas páxinas cara a nós échenos de agradecemento.



As estrambóticas viaxes de Gulliver. PINTO & CHINTO, Ed. Bululú.

O mariño Gulliver viaxa no seu barco a lomos da súa onda amaestrada, Poseidona, que o leva por tódolos mares do mundo na procura de aventuras. Ven con el a coñecer tan fantásticos lugares.



SEGUNDO CICLO



O raposo e a mestra. MANUEL O. RIVAS. Xerais.

Imposible non collerlle cariño a este raposo raposeiro que sabe de todo e que ten tantos poderes, que é tan presumido e tan argalleiro, que sabe soñar, e que sabe aprender. Como aprende a mestra con el, porque quen ensina tamén aprende, e amosa a súa eficacia conquistando corazóns. Aínda que sexa con torta de mazá e zapatos de claqué!



A contar ovellas. ELVIRA PÉREZ. Xerais.

Xan non pode durmir sen contos. Súa nai xa non llos quere contar, e mándalle que conte ovellas, pero, entre as ovellas que van e veñen, o neno consegue que a voz dun misterioso ser brillante lle cumpra o seu desexo e lle conte os relatos máis fermosos: a historia da lúa chea, a do misterioso mar das sete ondas, a dos amores do señor Matías...



TERCEIRO CICLO

Ouro negro. PERELEDI. Everest.

Se quere volver ver os seus fillos e mais a súa irmá, siga as nosas instrucións? A inspectora Nola acaba de recibir no seu móbil esta inquietante mensaxe. Mal empezan as súas vacacións.



Pobre Manolito. ELVIRA LINDO. Ed. Alfaguara.

Manolito Gafotas é un charlatán capaz de marear non só aos seus pais, ao seu avó e á señorita Asunción, senón tamén á psicóloga do colexio, a Carabanchel Alto e a España enteira. Non é que a Manolito lle pasen cousas extraordinarias, pero ten o don de contalas como aventuras inesquecibles. Os seus familiares e amigos se preguntan: É que nunca vai calar este neno?



PARA ADULTOS




***A viaxe de Gagarin.* AGUSTÍN FDEZ. PAZ. Xerais.**

Se algo caracteriza a escrita de Agustín Fernández Paz é a súa capacidade para emocionar o lector. E nesta última novela publicada por Xerais, *A viaxe de Gagarin*, volve facer unha demostración deste seu oficio. O libro vai gañando en intensidade a medida que avanzamos na súa lectura, de xeito que en determinados momentos sentimos bailar unha bágoa inqueda nos ollos que dese xeito impídenos avanzar na lectura por nubramos a vista.

***A voz do vento.* PEMÓN BOUZAS. Xerais.**

A principios do século XVII a vila de Cangas do Morrazo faise célebre porque varias das súas veciñas son levadas diante do tribunal da Santa Inquisición en Santiago de Compostela acusadas de bruxaría. Entre elas está María Soliño, unha muller con facenda e negocios que andaba polos sesenta anos cando foi xulgada.



POESÍA PARA TODOS



***Un rato díxolle á lúa.* ANTONIO GARCÍA TEJEIRO. Xerais.**

Premio Fervenzas Literarias 2014 (Mellor libro infantil)

Un rato díxolle á lúa é a caixa dos tesouros da poesía de Antonio García Teijeiro. Dentro dela gárdase a esencia dos seus versos, a apócema máxica coa que, en palabras de Fran Alonso, «a lúa imprimiu neles un sabor antigo, un sabor de berce, un sabor sincero que se nos mete dentro».



VISITA O NOSO BLOG: <http://www.moradabuli.blogspot.com.es/>

FELIZ VERÁN



RECOMENDACIONES DE LECTURA

CEIP Castrillón (Coiro)